

Calendario Escolar para o curso 2018/19

A adaptación ao calendario universitario adianta as datas da avaliación extraordinaria de 2º de Bacharelato ao mes de xuño.

Calendario escolar 2018-2019

Inicio de curso	11 ou 12 de setembro: EI, EP, EE. 17 de setembro: ESO, BAC, FP, REX. ESP.
Remate de curso	21 de xuño: EI, EP, ESO, BAC, FP. 28 de xuño: RÉXIME ESPECIAL
Nadal	Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro ambos inclusive
Entroido	4, 5 e 6 de marzo
Semana Santa	Do 13 a 22 de abril , ambos inclusive
Día do Ensino	7 de decembro

A Consellaría de Educación presentou na Mesa Sectorial, na súa liña habitual de incapacidade para negociar, unha proposta pechada do calendario escolar para o curso 2018/19. Só aceptou a proposta de rebaixar dos 176 días lectivos aos 175.

Tendo en conta que a Consellaría non estaba disposta a reducir ningún día para ESO, Bacharelato e Formación Profesional a proposta da CIG Ensino foi a de retrasar o día de comezo do curso para infantil e primaria ao día 12 de setembro.

As outras organizacións sindicais optaron por que non fora lectivo o 2 de novembro, única ponte do curso, e que secundaria comezase o venres 14 de setembro.

Cambios nas probas de 2º de Bacharelato para acomodarse á ABAU

A novidade máis salientábel é a adaptación do calendario escolar aos tempos fixados pola

Universidade. Deste xeito o alumnado de 2º de bacharelato terá que examinarse na convocatoria extraordinaria entre o 17 e o 21 de xuño e o profesorado terá que facerse cargo das probas extraordinarias da ABAU no mes de xullo, unha decisión tomada xa no mes de novembro de 2017 entre o conselleiro e a CIUG sen contar coa opinión do profesorado galego, que terá que asumir a sobrecarga de traballo durante o mes de xullo que supón este cambio. O calendario escolar imposto coa aplicación do Plan Boloña nos estudos superiores condiciona o calendario do ensino secundario sen un contraste nin da experiencia da súa aplicación na Universidade. É obvio que existe unha disfunción actualmente entre o inicio de curso na universidade e as probas de setembro da ABAU ao que lle había que buscar unha solución. A cuestión é se as únicas voces a escoitar deben ser as das universidades, onde nin sequera existe unha posición clara ao respecto do calendario derivado do Plan Boloña.

Entendemos que sería máis intelixente establecer un debate sosegado e real sobre todo o calendario escolar galego, pero o Partido Popular volve actuar con feitos consumados. Agora impón un calendario da ABAU no que se reduce ao máximo o tempo entre probas de avaliación, algo que cobra maior importancia se temos en conta que este cambio implicará tamén que os exames de setembro para alumnado con materias suspensas se trasladarán á terceira semana de xuño.

Un calendario descompensado pola adaptación ás festas relixiosas.

Desde hai anos a CIG-Ensino vén defendendo a necesidade de desvincular os períodos de descanso na actividade lectiva do calendario de festividades vinculadas a cuestións relixiosas. Porén, somos conscientes de que este non é un tema exclusivamente profesional e que debería xurdir dun debate amplo no que todas as voces sexan escoitadas, desde o profesorado aos pais e nais. Este curso, cunha semana santa na terceira semana de abril, teremos unha clara desproporción na duración das avaliacións: 70 días na 1ª, 66 na 2ª e 42 na 3ª. O despropósito das reválidas en 3º e 6º de EP e en 4º da ESO, aínda provoca unha maior redución do último trimestre escolar. Como en anos anteriores propuxemos negociar un cambio no calendario escolar que permita, por exemplo, establecer descansos cada dous meses na actividade lectiva, buscando unha distribución máis lóxica tanto para o profesorado como para o alumnado.

Xornada reducida de xuño e setembro en primaria

Desde a CIG Ensino volvemos reclamar a recuperación da xornada reducida de xuño e setembro en educación infantil e primaria.

Inmobilismo e negación da nosa cultura

Un ano máis a Consellaría non aceptou volver á xornada reducida de xuño e setembro, con catro horas de duración.

Tampouco este ano aceptou incluír o

24 de febreiro, Día de Rosalía,

nas datas de conmemoración fixadas na Orde. Este curso evidenciouse de novo o éxito nos centros da campaña de celebración de Rosalía, estendida en multitude de centros, o que fai aínda máis

vergoñenta a decisión da Consellaría de ocultar a nosa

cultura. Un inmovilismo que tamén se estende á negativa a que figure o **10 de marzo** como **día da clase obreira galega**.

Presenza do profesorado nos centros para elección de horarios e grupos.

A CIG-Ensino fixo fincapé na necesidade de que, tanto nesta orde como na de destinos provisionais, se garanta o dereito a que todo o

70/66/42 días
De novo teremos un curso
cunha distribución trimestral
totalmente
descompensada.





profesorado que vai impartir docencia nun centro poida estar presente na primeira reunión do claustro e de departamento para a elección de grupos. O profesorado sen destino definitivo, agás no corpo de mestres, chega en moitos casos cunha distribución xa feita sen que poidan participar na preceptiva reunión. Só se precisa adecuar as datas de adxudicación de destinos de secundaria cunha marxe suficiente antes do inicio das clases e unhas instrucións dirixidas á dirección dos centros. A Consellaría, unha vez máis, negouse a facer esta concreción, deixando por tanto a decisión nas propias direccións nos centros.

Inicio de curso nas EOI

A entrada en vigor este ano do novo decreto que regula os diferentes niveis das ensinanzas de idiomas nas EOI pode derivar, como afirmou a propia Consellaría, nun atraso no comezo das actividades lectivas. Tendo en conta isto, entendemos que o lóxico é recoller isto na propia orde e fixar, para este curso, un inicio das clases que teña en conta as posíbeis incidencia coas que conta a Consellaría.

Outras propostas concretas no articulado da orde.

- **Artigo 2.** que tamén se aplique aos centros privados sen concertos.
- **Artigo 8.2.** A Consellaría, como nestes dous cursos anteriores, recolle que os centros realizarán actividade específicas para

favorecer a visibilidade da diversidade afectivosexual, como lle demandaba a CIG-Ensino. Solicitamos que se citen expresamente as datas máis salientábeis.

- **Artigo 9.3.** Substituír “*oídos todos/as titores/as*” por “*tras o acordo dos titores e titoras*” para designar quen entregará a programación didáctica.
- **Artigo 10.2.** a orde segue condicionando a xornada e horario escolar as necesidades do transporte escolar, deixando nun segundo plano as consecuencias no rendemento ou cuestións pedagóxicas. A decisión da Xunta de que non sexa Educación senón a Consellaría de Infraestrutura quen xestione as liñas de transporte aínda fai que este tema sexa máis preocupante.
- **Artigo 11.1.** Xornada despois de finalizadas as aulas: que se recolla en Primaria o mesmo que se regula para Secundaria (**artigo 12.4.3**), e que se teña en conta a flexibilización necesaria para o profesorado que participe nas oposicións.
- **Disposición adicional 1ª.** Reducir o prazo de 15 días para casos excepcionais. Como todo cambio debe ser autorizado pola Xefatura Territorial non ten sentido que non se recolla que poda facerse nun prazo máis breve. Hai que ter en conta que se se precisa cambiar o inicio de curso ese prazo de 15 días non é real.

- **Período de adaptación.** Vimos demandando un período de adaptación flexíbel que poda ampliarse a todo o mes de setembro. A duración deste período, tanto para reduci-lo como para ampli-lo, deben responder á propia realidade do alumnado e, por tanto, da valoración do equipo docente de cada centro, e non dunha decisión burocrática como é unha orde.

- **Adscrición funcional en Primaria.** Mantemos a nosa posición favorábel a que o alumnado teña o mesmo titor ou titora cada dous cursos, no que antes da LOMCE denominabamos ciclos. Demandamos que tamén se manteñan os traballos de coordinación nesos ciclos e, que por tanto, se potencien e se recoñezan a todos os efectos as coordinacións, como acontecía antes. Non hai nada que o impida.



Calendario Escolar 2018-19

2018

2019

13

SETEMBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

22

OUTUBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

21

NOVEMBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

13

DECEMBRO						
L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

18

XANEIRO						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

20

FEBREIRO						
L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28			

18

MARZO						
L	M	Me	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

16

ABRIL						
L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

21

MAIO						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

15

XUÑO						
L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

	Inicio de clases en Infantil, Primaria e Educación Especial
	Inicio de clases en secundaria, bacharelato, FP e réxime especial
	Días non lectivos
	Fin de actividades lectivas en EI, EP, EE, ESO, BAC, FP
	Fin de actividades lectivas nas ensinanza de réxime especial

DÍAS LECTIVOS TOTAIS: 176 PENDENTE DE ELIMINAR UN DÍA

(contando con 2 festivos locais)

1ª Avaluación: 70. 2ª Avaluación: 66. 3ª Avaluación: 42

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal